

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

6276 *Real decreto 475/2014, do 13 de xuño, sobre bonificacións na cotización á Seguridade Social do persoal investigador.*

A disposición adicional vixésima da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, autorizou o Goberno para que establecese bonificacións nas cotizacións á Seguridade Social correspondentes ao persoal investigador que, con carácter exclusivo, se dedique a actividades de investigación e desenvolvemento e innovación tecnolóxica, a que se refire o artigo 35 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo.

A citada lei modificou o réxime normativo dos incentivos á investigación e ao desenvolvemento e innovación tecnolóxica ao cambiar, por un lado, a dedución polas ditas actividades existente no imposto sobre sociedades e, por outro, ao incorporar un novo incentivo de natureza non tributaria incompatible co anterior, consistente na bonificación na cotización á Seguridade Social e que foi obxecto de desenvolvemento co Real decreto 278/2007, do 23 de febreiro, sobre bonificacións na cotización á Seguridade Social respecto do persoal investigador.

O Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, derogou expresamente a disposición adicional vixésima da Lei 35/2006, do 28 de novembro, así como o Real decreto 278/2007, do 23 de febreiro, e as referencias ás bonificacións establecidas no Real decreto 1432/2003, do 21 de novembro, polo que se regulaba a emisión polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía de informes motivados relativos ao cumprimento de requisitos científicos e tecnolóxicos, para os efectos da aplicación e interpretación de deducións fiscais por actividades de investigación e desenvolvemento e innovación tecnolóxica.

A pesar do contexto de restricións orzamentarias que afectaron a intensidade do apoio público ás actuacións en materia de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica (en diante, I+D+i), o Goberno considerou conveniente recuperar o incentivo non tributario da bonificación na cotización á Seguridade Social respecto do persoal investigador. E iso porque, aínda que os incentivos de natureza tributaria contan cunha probada eficacia, a bonificación constitúe unha redución inmediata nos gastos empresariais e favorece a contratación de persoal investigador. Ademais, en ocasións é o único incentivo con que contan as empresas que non teñen suficientes beneficios e cota tributaria como para que as deducións no pagamento dos seus impostos sexa relevante.

Este real decreto desenvolve, de conformidade coa disposición adicional septuaxésimo novena da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, o réxime normativo das novas bonificacións nas cotizacións á Seguridade Social, regulando o obxecto; o ámbito de aplicación; as exclusións; os requisitos dos beneficiarios; a concorrencia con outras bonificacións e medidas de apoio público e contía máxima das bonificacións; os termos en que se establece a compatibilidade das bonificacións coas deducións fiscais por I+D+i do artigo 35 do vixente texto refundido da Lei do imposto de sociedades; a aplicación, control e mantemento das bonificacións; a devolución das bonificacións en caso de incumprimento dos requisitos e o financiamento. Así mesmo, o texto normativo inclúe unha disposición transitoria, unha adicional e tres derradeiras.

Este real decreto supón a colaboración dos seguintes órganos e entidades: a Axencia Estatal de Administración Tributaria, que controlará que se cumpren as condicións exixidas para a compatibilidade de bonificacións coas deducións fiscais; a Dirección Xeral

de Innovación e Competitividade, do Ministerio de Economía e Competitividade, que emitirá informes motivados vinculantes que certifiquen as condicións do persoal investigador; a Inspección de Traballo e Seguridade Social e a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, que controlarán a correcta aplicación das bonificacións sobre as cotizacións e a non superación do máximo de axudas posibles, e o Servizo Público de Emprego Estatal, que financiará as bonificacións.

En cumprimento do previsto no artigo 24 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, foron oídas as asociacións profesionais e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Economía e Competitividade, de Facenda e Administracións Públicas e de Emprego e Seguridade Social, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de xuño de 2014,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer unha bonificación do 40 por cento nas achegas empresariais ás cotas da Seguridade Social por contingencias comúns respecto do persoal investigador que se determina no artigo 2, así como regular o procedemento para a súa aplicación.

Así mesmo, regula o alcance da compatibilidade desta bonificación nas citadas cotas coa dedución a que se refire o artigo 35 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, para as empresas que se dediquen a actividades de investigación e desenvolvemento e innovación tecnolóxica (en diante, I+D+i) que sexan suxeitos pasivos do citado imposto.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Terán dereito á bonificación regulada no artigo 1 deste real decreto os traballadores incluídos nos grupos 1, 2, 3 e 4 de cotización ao réxime xeral da Seguridade Social que, con carácter exclusivo e pola totalidade do seu tempo de traballo na empresa dedicada a actividades de investigación e desenvolvemento e innovación tecnolóxica, se dediquen á realización das citadas actividades, xa sexa o seu contrato de carácter indefinido, en prácticas ou por obra ou servizo determinado. Neste último caso, o contrato deberá ter unha duración mínima de tres meses. Con relación á exclusividade e ao cómputo da totalidade do tempo de traballo, admitirase que ata un 15% do tempo dedicado a tarefas de formación, divulgación ou similares compute como dedicación exclusiva a actividades de I+D+i.

2. Para os efectos do establecido neste real decreto, consideraranse actividades de I+D+i as definidas como tales no artigo 35 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo.

Artigo 3. *Exclusións.*

O réxime de bonificacións regulado neste real decreto non será de aplicación nos seguintes supostos:

a) Respecto daqueles empregados que destinen unicamente parte da súa xornada laboral á realización de actividades de investigación, de desenvolvemento ou de innovación tecnolóxica.

b) Respecto daqueles empregados que traballen para empresas que levan a cabo proxectos de investigación, de desenvolvemento ou de innovación tecnolóxica cuxo labor consista en actividades distintas ás sinaladas como tales no artigo 35 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, como son as de administración, xestión de recursos, mercadotecnia, servizos xerais e dirección, entre outras.

c) Respecto daqueles empregados contratados pola Administración xeral do Estado e os organismos públicos regulados no título III e nas disposicións adicionais novena e décima da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, as administracións autonómicas ou as corporacións locais e os seus organismos públicos, así como por outros entes públicos que estean totalmente exentos do imposto sobre sociedades.

d) Relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, ou outras disposicións legais.

e) Respecto do persoal contratado por empresas ou organismos cuxa contratación para actividades de investigación e desenvolvemento e innovación tecnolóxica estea explicitamente subvencionada ou financiada con fondos públicos, sempre que este financiamento inclúa tamén as cotas empresariais á Seguridade Social.

Artigo 4. *Requisitos das empresas beneficiarias da bonificación.*

As entidades ou empresas beneficiarias das bonificacións previstas neste real decreto deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Cumprir as condicións exixidas con carácter xeral para a adquisición e mantemento dos beneficios na cotización á Seguridade Social no artigo 77 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e no artigo 29 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

b) No ter sido excluídas do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego pola comisión de infraccións moi graves non prescritas, todo iso de conformidade co previsto nos artigos 46 e 46 bis do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobada polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

Artigo 5. *Concorrenza e contía máxima das bonificacións.*

As bonificacións aquí previstas poderán ser compatibles con aquelas a que se puidese acceder ou se puidesen estar gozando por aplicación do Programa de fomento de emprego ou outras medidas incentivadoras de apoio á contratación, sen que en ningún caso a suma das bonificacións aplicables poida superar o cen por cento da cota empresarial á Seguridade Social.

Así mesmo, non poderán, en concorrencia con outras medidas de apoio público establecidas para a mesma finalidade, superar o 60 por cento do custo salarial anual correspondente ao contrato que se bonifica.

Artigo 6. *Alcance da compatibilidade entre as bonificacións na cotización á Seguridade Social respecto do persoal investigador e a dedución nas cotas tributarias do imposto de sociedades.*

1. A bonificación na cotización que regula este real decreto será plenamente compatible coa aplicación do réxime de dedución por actividades de investigación e desenvolvemento e innovación tecnolóxica establecida no artigo 35 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, unicamente para as pequenas e medianas empresas (en diante, pemes) intensivas en I+D+i recoñecidas como tal mediante o selo oficial de «peme innovadora» e que por iso figuren no rexistro que, para tal efecto, xestionará o Ministerio de Economía e Competitividade.

2. Para os efectos deste real decreto entenderase que unha peme, segundo definición contida na Recomendación 2003/361/CE da Comisión, do 6 de maio, sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas, é intensiva en I+D+i cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Cando recibise financiamento público nos últimos tres anos, sen sufrir revogación por incorrecta ou insuficiente execución da actividade financiada, a través de:

1.º Convocatorias públicas no marco do VI Plan nacional de investigación científica, desenvolvemento e innovación tecnolóxica ou do Plan estatal de investigación científica e técnica e de innovación.

2.º Axudas para a realización de proxectos de I+D+i, do Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial.

3.º Convocatorias do 7º Programa marco de I+D+i ou do programa Horizonte 2020, da Unión Europea.

b) Cando demostrase o seu carácter innovador, mediante a súa propia actividade:

1.º Por dispor dunha patente propia en explotación nun período non superior a cinco anos anterior ao exercicio do dereito de bonificación.

2.º Por obter, nos tres anos anteriores ao exercicio do dereito de bonificación, un informe motivado vinculante positivo para os efectos de aplicación da dedución a que se refire o artigo 35 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo.

c) Cando demostrase a súa capacidade de innovación, mediante algunha das seguintes certificacións oficiais recoñecidas polo Ministerio de Economía e Competitividade:

1.º Xove empresa innovadora (XEI), segundo a especificación Aenor EA0043.

2.º Pequena ou microempresa innovadora, segundo a especificación Aenor EA0047.

3.º Certificación conforme a norma UNE 166.002 «Sistemas de xestión da I+D+i».

3. Para o resto das empresas ou entidades, a bonificación regulada neste real decreto será compatible co referido réxime de dedución sempre que non se aplique sobre o mesmo investigador. En tales supostos, as empresas poderán optar por aplicar a bonificación na cotización á Seguridade Social respecto do persoal a que se refire o artigo 2 ou unha dedución polos custos do dito persoal nos proxectos en que participe e nos cales realice actividades a que se refire o artigo 35 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo.

De acordo co parágrafo anterior, será compatible por unha mesma empresa e nun mesmo proxecto a aplicación de bonificacións sobre investigadores xunto coa de deducións por outros investigadores polos cales a empresa, nese caso, desexe deducir.

4. A Axencia Estatal de Administración Tributaria, en exercicio das súas facultades de control en materia de deducións fiscais, poderá comprobar o cumprimento da condición de «peme innovadora» para acollerse ao réxime a que se refire o número 1 deste artigo.

Artigo 7. *Aplicación das bonificacións.*

1. As entidades ou empresas beneficiarias poderán aplicar as bonificacións con carácter automático nos correspondentes documentos de cotización, sen prexuízo do seu control e revisión nos termos establecidos no artigo 8 pola Inspección de Traballo e Seguridade Social e pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

2. A opción prevista no número anterior suporá a aplicación exclusiva ao investigador do réxime escollido ata a finalización do período impositivo e entenderase prorrogada tacitamente nos períodos impositivos sucesivos.

3. A bonificación aplicarase cando supoña un cambio sobre a situación precedente:

a) No caso de traballadores que xa figuren en situación de alta na empresa na data de efectos da aplicación das bonificacións na cotización, como solicitude de variación de datos que deberá presentarse no prazo establecido no artigo 32.3.2.º do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de

traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro.

b) No caso de traballadores que causen alta a partir da data de efectos da aplicación das bonificacións na cotización, na solicitude de alta do respectivo traballador, dentro do prazo establecido no artigo 32.3.1.º do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social.

A Tesouraría Xeral da Seguridade Social remitiralle ao Servizo Público de Emprego Estatal, polo menos trimestralmente, información sobre as bonificacións practicadas, con detalle do número de traballadores obxecto de bonificacións, coas súas respectivas bases de cotización e as bonificacións aplicadas como consecuencia do previsto nesta norma.

Artigo 8. *Control das bonificacións.*

1. Para o adecuado control das bonificacións efectuadas, as entidades ou empresas que apliquen bonificación nas cotas de dez ou máis investigadores ao longo de tres meses ou máis nun exercicio deberán presentar ante a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, nun prazo máximo de seis meses desde a finalización do exercicio fiscal en que se aplicaron as bonificacións, un informe motivado vinculante emitido pola Dirección Xeral de Innovación e Competitividade, do Ministerio de Economía e Competitividade, relativo ao cumprimento no dito período da condición de persoal investigador con dedicación exclusiva a actividades de investigación e desenvolvemento e innovación tecnolóxica.

Para iso a entidade deberá presentar ante a citada Dirección Xeral de Innovación e Competitividade un informe técnico de cualificación de tales actividades e dedicación, de acordo coas definicións destes conceptos e os requisitos científicos e tecnolóxicos recollidos no artigo 35 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, informe que deberá ser emitido por unha entidade debidamente acreditada pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC) e de acordo co formato que aprobará o Ministerio de Economía e Competitividade e que estará dispoñible na sede electrónica deste.

Este informe terá carácter vinculante ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Tesouraría Xeral da Seguridade Social. En caso de resultar negativo con relación á bonificación xa practicada pero sendo tales gastos susceptibles de dedución fiscal, á marxe da devolución das bonificacións como establece o artigo seguinte, as empresas poderán aplicar o gasto á dedución fiscal correspondente.

2. As entidades ou empresas que se apliquen bonificacións e que tamén se apliquen deducións, de acordo co previsto no artigo 6, deberán ademais achegar ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria unha memoria anual de actividades e proxectos executados e investigadores afectados pola bonificación no exercicio vencido, ao presentar a súa declaración do imposto de sociedades conforme o modelo que estableza para o efecto a Axencia Estatal de Administración Tributaria. Poderase comprobar a condición de peme innovadora mediante o acceso ao rexistro regulado no artigo 6.

3. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social remitiralle á Axencia Estatal de Administración Tributaria unha relación dos investigadores cuxa cotización se bonificou, ao final de cada exercicio, para o seu cruzamento coas deducións fiscais que se soliciten.

4. Corresponderalle á Axencia Estatal de Administración Tributaria controlar que se cumpren as condicións exixidas para a compatibilidade de bonificacións coas deducións fiscais; á Dirección Xeral de Innovación e Competitividade do Ministerio de Economía e Competitividade emitir informes motivados vinculantes que certifiquen as condicións do persoal investigador e á Inspección de Traballo e Seguridade Social e á Tesouraría Xeral da Seguridade Social controlar a correcta aplicación das bonificacións sobre as cotizacións.

Artigo 9. *Devolución de bonificacións.*

1. Nos supostos de obtención das bonificacións sen reunir os requisitos exixidos, procederá a devolución das cantidades deixadas de ingresar por bonificación na cotización á Seguridade Social coa recarga e os xuros de demora correspondentes, segundo o establecido nas normas recatorias en materia de seguridade social.

2. A obriga de devolución establecida no número anterior enténdese sen prexuízo do previsto no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

Artigo 10. *Financiamento.*

Conforme a disposición adicional septuaxésimo novena da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, as bonificacións reguladas neste real decreto financiaranse con cargo á correspondente partida orzamentaria do Servizo Público de Emprego Estatal.

Disposición adicional única. *Territorios forais.*

As referencias contidas neste real decreto ás deducións por actividades de investigación e desenvolvemento e innovación tecnolóxica reguladas na Lei do imposto sobre sociedades, aprobada polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, deben entenderse realizadas, respecto aos suxeitos pasivos sometidos a lexislación foral, á dedución e procedementos que para tales actividades conteña a correspondente normativa foral.

Así mesmo, as referencias á Axencia Estatal de Administración Tributaria neste real decreto débense entender, nestes casos, efectuadas ao órgano equivalente do territorio foral correspondente.

Disposición transitoria única. *Bonificación na cotización á Seguridade Social respecto do persoal investigador a tempo completo en situación de alta o 1 de xaneiro de 2013.*

1. Os suxeitos pasivos ou contribuíntes que teñan dereito á bonificación regulada neste real decreto respecto a investigadores en situación de alta a partir do 1 de xaneiro de 2013 poderán exercer este dereito dentro dos dous meses seguintes á súa entrada en vigor.

2. Respecto das cotas ingresadas correspondentes ao exercicio 2013 ou aos meses de 2014 transcorridos antes da entrada en vigor deste real decreto polas cales se teña dereito á súa bonificación, poderase solicitar á Tesouraría Xeral da Seguridade Social, ata o 30 de decembro de 2014, a devolución do exceso ingresado, e achegarase, nos casos en que proceda, o informe motivado vinculante regulado no artigo 8.1 deste real decreto. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social deberá ditar e notificar a resolución dentro dos seis meses seguintes á data en que se complete a documentación que deba achegar o solicitante da devolución. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, poderase entender desestimada a solicitude.

3. No caso de terse optado pola dedución fiscal con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto, non procederá a devolución de cotas.

4. As cotas xa ingresadas polas cales se teña dereito a bonificación non terán a consideración de ingresos indebidos para os efectos previstos no artigo 44 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.^a, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento.*

Facúltanse os ministros de Economía e Competitividade, de Facenda e Administracións Públicas e de Emprego e Seguridade Social, nos seus respectivos ámbitos de competencia, para ditaren as disposicións que sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

1. Este real decreto entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

2. Non obstante o disposto no número anterior, o presente real decreto aplicarase, con carácter retroactivo, ao persoal investigador a tempo completo en situación de alta a partir do 1 de xaneiro de 2013.

Dado en Madrid o 13 de xuño de 2014.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN